



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE APRENDIZAXE E SERVIZO

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante, a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería.

Doutra, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), no seu nome e representación, segundo o establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, e no Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, publicado o 11 de xaneiro de 2016, do seu nomeamento.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura deste convenio e, para estes efectos

EXPOÑEN:

- I. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
- II. Ademais, mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.
- III. A UDC é unha institución dedicada á prestación do servizo público da educación superior e



da investigación, enlazando a docencia, a investigación e a extensión universitaria.

- IV. A UDC promove a formación integral do estudantado, entendida como aquela que se orienta á súa formación non unicamente como profesionais, senón tamén como cidadáns que, co seu nivel cultural, os seus coñecementos e habilidades específicas e o seu espírito crítico e humanista, sexan a base dunha sociedade máis xusta, solidaria e, en última instancia, sostible.
- V. O Programa de Aprendizaxe Servizo (en diante, PAS) da UDC ten como obxectivo institucionalizar e estender a aprendizaxe servizo a todas súas as titulacións como estratexia de formación integral do estudantado.
- VI. A aprendizaxe servizo é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto, no que as persoas participantes se forman traballando sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas.
- VII. O artigo 64.3 do Estatuto do Estudiante Universitario (EEU), aprobado polo Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, establece que as universidades deben favorecer practicas de responsabilidade social e cidadá que combinen as aprendizaxes académicas nas diferentes titulacións coa prestación do servizo á comunidade orientado á mellora da calidade de vida e á inclusión social.
- VIII. No marco do PAS, poden ser entidades externas colaboradoras (destinatarias da acción social e solidaria do alumnado) calquera colectivo, entidade, asociación, ONG ou institución pública, sempre que a poboación destinataria directa ou indirecta das accións sexan, principalmente, persoas ou colectivos en situación ou risco de vulnerabilidade social. Poden ser tamén destinatarios do servizo as entidades ou institucións que teñan como finalidade conseguir o interese xeral ou comunitario.
- IX. Os proxectos de aprendizaxe servizo son actividades académicas curriculares desenvolvidas no contexto das titulacións da UDC. Os proxectos poden, en consecuencia, desenvolverse en calquera materia, incluíndo as de traballo de fin de grao, traballo de fin de máster e prácticas externas. É posible, así mesmo, desenvolver proxectos de aprendizaxe servizo no contexto dos programas de doutoramento.
- X. A Consellería, co ánimo de colaborar na formación integral do alumnado universitario, quere participar no PAS da UDC.

De acordo co arriba exposto, as partes, co fin de formalizar os termos e condicións das prácticas indicadas, acordan subscribir este convenio de cooperación, que se rexerá polas seguintes:



CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto e natureza do convenio

O obxecto deste convenio de cooperación educativa é a regulación das prácticas externas que vai realizar o alumnado da Facultade de Fisioterapia da UDC co alumnado do Centro de Educación Especial María Mariño dependente da Consellería.

Segunda.- Regulación xurídica das prácticas

Nestas prácticas será de aplicación a normativa de prácticas externas da UDC e, especificamente, o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios (BOE nº 184, do 30 de xullo de 2014).

Terceira.- Relacións laborais

A realización dos proxectos que se amparan neste convenio non implica ningún tipo de relación laboral entre o/a estudante e o/a Consellería, dado que a actividade desenvolvida polo estudiantado é estritamente académica. As actividades que se desenvolvan deben axustarse á formación e competencias do estudiantado e o seu contido non pode dar lugar, en ningún caso, á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo nin á prestación dun servizo profesional.

Cuarta.- Efectos retributivos

A actividade que leve a cabo o/a estudante ao amparo deste convenio non debe ter efectos retributivos para o/a estudante, nin fins de lucro para a Consellería.

Quinta.- Destino dos produtos

Sempre que pola natureza do proxecto sexa posible, os produtos derivados da actividade de aprendizaxe servizo deben poñerse a disposición pública de forma gratuíta. Farase constar a autoría e a vinculación co PAS da UDC e da Consellería.



Sexta. Designación do alumnado

A designación do alumnado que realice o proxecto de aprendizaxe servizo levarase a cabo segundo o procedemento establecido en cada centro da UDC. En todo caso, esta asignación, así como as características específicas e condicións do proxecto, deben ser pactadas de mutuo acordo polas partes nun documento que figura como anexo deste convenio, de acordo co modelo estipulado.

Sétima. Seguro

As prestacións sociais dos estudantes quedan cubertas polo seguro escolar, que se adquire de forma automática ao formalizar a matrícula oficial. Nos casos que o estudante non teña subscrito o seguro escolar obrigatorio, a UDC debe velar por que sexa subscrita unha póliza privada de accidentes.

Oitava.- Compromisos da Consellería

A Consellería comprométese a:

- a) Establecer e definir, en colaboración cos responsables académicos da actividade, os proxectos para desenvolver, que se concretarán en forma de anexo a este convenio.
- b) Designar unha persoa de referencia para cada proxecto, que, en coordinación co titor/a académico/a, fará o seguimento.
- c) Comunicarlle ao/á titor/a académico/a, de xeito inmediato, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento do proxecto.
- d) Presentar, de ser o caso, os informes convidados sobre o desenvolvemento do proxecto, así como responder ás enquisas de seguimento de calidade do PAS que lle sexan requiridas pola UDC.

Novena.- Compromisos da UDC

A UDC comprométese a:

- a) Establecer e definir, en colaboración coa Consellería, os proxectos que se deben levar a cabo, que se concretarán en forma de anexo a este convenio.
- b) Designar un profesor/a-titor/a académico/a entre o seu profesorado para cada proxecto, que, definirá os obxectivos, planificará e impartirá os contidos e, en caso necesario, avaliará o estudantado, e fará, en coordinación coa persoa de referencia da Consellería, o seu seguimento.
- c) Velar para que o estudantado que participe se comprometa a:



- a. Desenvolver o proxecto no período acordado.
- b. Comunicarlle ao/á titor/a académico/a, de xeito inmediato, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento do proxecto.
- c. Respetar as normas e regulamentos internos da Consellería, de ser o caso, e especialmente gardar o segredo profesional e non utilizar nin divulgar a terceiros en ningún caso a información relativa á Consellería ou á súa actividade á que teña acceso durante a realización do proxecto, sen autorización da entidade.
- d. Presentar, de ser o caso, os informes convidados sobre o desenvolvemento do proxecto, así como responder ás enquisas de seguimento de calidade do PAS que lle sexan requiridas.

d) Difundir a participación da Consellería no PAS da UDC e estender un certificado acreditativo por petición desta.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento da execución deste convenio e a realización das propostas de modificación e desenvolvemento del que se consideren oportunas constituirase unha comisión de representantes da Consellería e da UDC, coa seguinte composición:

- Pola Consellería: tres persoas nomeadas polo conselleiro.
- Pola UDC: tres persoas nomeadas polo reitor.

A comisión de seguimento asumirá o compromiso de levar a bo fin os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio. Serán as súas funcións:

- Con carácter xeral, a interpretación e aplicación das estipulacións deste convenio, así como velar polo seu cumprimento.
- Propoñer para a súa aprobación polos órganos competentes addendas ou modificacións deste convenio.

Décimo primeira. Valoración económica

A realización deste convenio non supón gasto ningún para as institucións asinantes, polo que non se precisa dotación orzamentaria.

Décimo segunda. Protección de datos de carácter persoal



De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mencionada lei orgánica, o alumnado que por razón das actividades formativas teña acceso en calquera fase do tratamento a datos de carácter persoal, non lle revelará á persoa allea á institución información da que tivese coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas estas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte a institución, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto poderáselle requirir o/a estudante a sinatura coa institución dun documento no que se obrigue a cumprir o citado deber de segredo.

Décimo terceira. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da UDC para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- a. Incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- b. Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Décimo quinta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos supostos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 3/2011,



do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo sexta. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico correspondente, e será prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinante cunha notificación á outra con dous meses de antelación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase por triplicado polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	O reitor da Universidade da Coruña
Román Rodríguez González	Julio E. Abalde Alonso



ANEXO AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ASINADO ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA DESENVOLVER PROXECTOS DE APRENDIZAXE E SERVIZO

O día 28 de novembro de 2017, a UDC e a Consellería asinaron un convenio de cooperación educativa para desenvolver proxectos de aprendizaxe servizo.

A cláusula sexta do mencionado convenio establece que a designación do estudiantado que realice o proxecto de aprendizaxe servizo levarase a cabo segundo o procedemento establecido en cada centro da UDC.

En todo caso, esta designación, así como as características específicas e condicións do proxecto, deben ser pactadas de mutuo acordo polas partes nun documento que figurará como anexo deste convenio, de acordo co modelo estipulado.

Desta forma, formalízase este anexo cos seguintes datos:

TITOR/A ACADÉMICO/A (en caso de equipos docentes, o/a coordinador/a do mesmo)
Nome e apelidos: Verónica Robles García
Departamento: Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia
Teléfono: 981167000 (+5978)
Dirección electrónica: veronica.robles@udc.es

PROXECTO DE APRENDIZAXE SERVIZO
Materia: prácticas extracurriculares externas
Titulación: grao de Fisioterapia
Descrición da actividade: Fisioterapia escolar nun centro de educación especial
Competencias para desenvolver:
Coñecer a intervención en Fisioterapia no ámbito escolar, aprender os roles que o fisioterapeuta no ámbito escolar debe desenvolver, desenvolver destrezas e aptitudes para traballar no ámbito escolar e no da discapacidade, implementar coñecementos aprendidos noutras materias nun ámbito real e de forma transversal, ser capaz de traballar en equipo cos/as compañeiros/as e co equipo educativo co fin de poder realizar o seguimento dos/as nenos/as e cubrir o programa establecido.
Obxectivos do servizo: ofrecer un apoio o centro, complementando ao tempo a formación do



alumnado de Fisioterapia participante.
Destinatarios do servizo: nenos/as escolarizados/as no Centro de Educación Especial María Mariño que sexan susceptibles de recibir tratamento fisioterápico.
Lugar de realización: Centro de Educación Especial María Mariño.
Duración: curso académico (tendo en conta os días lectivos no ámbito escolar e universitario)
Mecanismos de seguimento e avaliación do proxecto: enquisas de satisfacción do alumnado da Facultade de Fisioterapia da UDC, das familias dos/as nenos/as e do persoal educativo do centro, e seguimento mediante a historia de fisioterapia individualizada de cada neno/a.

PERSOA DE REFERENCIA PARA A CONSELLERÍA
María Luz Barreiro Garea
Cargo ou funcións que desenvolve na entidade: directora do Centro de Educación Especial María Mariño
Teléfono: 981174273
Dirección electrónica: cee.maria.marinho@edu.xunta.es

ESTUDANTADO PARTICIPANTE (Cubrir unha táboa por persoa)
Este PAS enmárcase dentro das prácticas extracurriculares voluntarias ás que o alumnado pode acceder. O estudantado participante son alumnos/as do Grao de Fisioterapia de 2º, 3º e 4º curso. A continuación, preséntase a lista do alumnado participante no programa na actualidade. Esta lista pode sufrir modificacións no caso de que se produza algunha incompatibilidade de horario ou incorporación de novos estudantes: María Vilanova Pereira maria.vpereira@udc.es Mariña Amor Roca marina.amor@udc.es Mª del Pilar Cotelo Rey pilar.cotelo@udc.es Ángela María Pérez Martínez



anllypm13@gmail.com

Daniel Martín Maceira

daniel.martin.maceira@udc.es

Martín Parajó Otero

martin.parajo@udc.es

Rubén Fuertes Sutil

ruben.fuertes.sutil@udc.es

Irene González Eiroa

irene.gonzalez.eiroa@udc.es

Noelia Lago Calvo

noelia.lago@udc.es

Iria Dosantos Casares.

iria.dosantos.casares@udc.es

Carlos Rivas Senra

c.rivas.senra@udc.es

Ana Casas González

ana.casas1@udc.es

Adrián Fernández Pico

adrian.fernandezp@udc.es

Vanesa González Vila

vanessagonzalezvila@gmail.com

Jacobo Pérez Nieto

jacobo.perezn@udc.es

Noemi Dios Santamaría



noemy.dios@udc.es

Ainara Álvarez García

ainara.alvarez.garcia@udc.es

Leila Paradela Vázquez

leila.paradela@udc.es

Amara Rey López

amara.rlopez@udc.es

CERTIFICACIÓN NEGATIVA DE DELITOS SEXUAIS

De acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2105 e a Lei 45/2105, os alumnos da UDC que realicen as prácticas recollidas neste convenio, cando impliquen contacto habitual con menores, deberán presentar antes do seu comezo, certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de non ter condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

PERÍODO:

De acordo co período académico do Centro de Educación Especial María Mariño e a Facultade de Fisioterapia da UDC.

HORARIO:

A actividade prográmase tanto en horario escolar como en horario extraescolar. Atendendo o horario do centro, a continuación detállalle o horario semanal das fisioterapeutas no que se levaría a cabo o proxecto:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00 h			10:00 h	10:00 h
11:00 h			11:00 h	11:00 h
12:00 h			12:00 h	12:00 h
13:00 h	13:00 h	13:00 h	13:00 h	13:00 h
14:00 h	14:00 h	14:00 h	14:00 h	14:00 h



15:00 h	15:00 h			15:00 h
16:00 h	16:00 h			16:00 h
17:00 h	17:00 h			17:00 h

En azul, Beatriz Rodríguez, fisioterapeuta e profesora da Facultade de Fisioterapia da UDC, que estaría presente nos horarios mencionados titorizando o alumnado de Fisioterapia que participa no PAS.

En verde, Verónica Robles, fisioterapeuta e profesora da Facultade de Fisioterapia da UDC, que estaría presente nos horarios mencionados titorizando o alumnado de Fisioterapia que participa no PAS.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2017

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	O reitor da Universidade da Coruña
Román Rodríguez González	Julio E. Abalde Alonso